

Programación do Departamento de Latín e Grego

*IES Primeiro de Marzo
Baiona
2022-2023*

Xefe de Departamento:
María Jesús Prado Ruiz

Profesora, cursos e materias

Este curso académico o noso Departamento impartirá as materias de Latín (4º ESO, e 1º e 2º de bacharelato), Grego (1º e 2º de bacharelato). Todas estas materias serán impartidas pola Xefe do Departamento, **María Jesús Prado Ruiz**.

Táboa de Contidos

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE LATÍN E GREGO	1
PROFESORA, CURSOS E MATERIAS	2
TÁBOA DE CONTIDOS.....	3
LATÍN 4º ESO E LATÍN II.....	5
<i>Introdución e contextualización da programación de Latín 4º e Latín II</i>	<i>5</i>
<i>Latín 4º ESO</i>	<i>8</i>
Obxectivos	8
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	8
Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave	9
Temporalización	16
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	17
Procedementos e instrumentos de avaliación	17
Metodoloxía didáctica.....	17
Materiais e recursos didácticos.....	19
Criterios de avaliación	20
Criterios de cualificación	21
Tratamento do fomento da lectura.....	21
Tratamento do fomento das TIC.....	21
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	21
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	22
Programación de temas transversais	22
Medidas de atención á diversidade.....	22
Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar.....	22
<i>Latín II.....</i>	<i>23</i>
Obxectivos	23
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	23
Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave	24
Temporalización	31
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	32
Procedementos e instrumentos de avaliación	32
Metodoloxía didáctica.....	32
Criterios de avaliación	33
Criterios de cualificación	34
Criterios de promoción.....	35
Actividades de recuperación.....	35
Materiais e recursos didácticos.....	35
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	35
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	36
Elementos transversais.....	36
Medidas de atención á diversidade.....	36
Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar.....	36
GREGO II	37
<i>Introdución e contextualización da programación de Grego II.....</i>	<i>37</i>
<i>Grego II (2º Bacharelato)</i>	<i>38</i>
Obxectivos	38
Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	39
Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave	40
Temporalización	46
Grao mínimo de consecución para superar a materia.....	47
Procedementos e instrumentos de avaliación	47
Metodoloxía didáctica.....	47
Materiais e recursos didácticos.....	47
Criterios da avaliación	47
Criterios de cualificación	48
Criterios de promoción.....	49

Actividades de recuperación.....	49
Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	49
Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	49
Elementos transversais.....	49
Medidas de atención á diversidade.....	49
Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar.....	49
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	50
ENSINO NON PRESENCIAL: METODOLOXÍA DIDÁCTICAS E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	53
PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN.....	54

Introdución e contextualización da programación de Latín 4º e Latín II

A materia de Latín proporciona unha sólida base para o perfeccionamento no manexo doutras linguas. Desempeña un papel relevante como soporte lingüístico da maioría das linguas e para a comprensión do léxico culto que forma gran parte da terminoloxía científica e técnica actual nas linguas que o alumnado coñece ou estuda; sen esquecer o enriquecemento cultural que lle proporciona o coñecemento dos aspectos que se inclúen na civilización clásica, berce da Europa actual, como son, entre outros, a mitoloxía, a relixión ou as súas creacións literarias e artísticas, que tanta influencia tiveron en épocas posteriores e seguen a ter hoxe en día. Reforza a reflexión lingüística do alumnado e fortalece o seu acceso á cultura literaria.

A reflexión literaria, presente nas linguas clásicas, a través da lectura, mediante a comprensión e interpretación de textos significativos favorece o coñecemento das posibilidades expresivas da lingua, desenvolve a capacidade crítica e creativa dos estudantes, dálles acceso á memoria, á creatividade, á imaxinación, á descuberta das outras persoas, ao coñecemento doutras épocas e culturas, e enfróntaos a situacións, sentimentos e emocións nunca experimentados, que enriquecen a súa visión do mundo e favorecen o coñecemento deles mesmos.

En definitiva, esta materia lingüística persegue o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

A materia de Latín na etapa da ESO ten como principal finalidade introducir o alumnado no coñecemento dos aspectos esenciais da lingua e da cultura latinas, facendo fincapé ao mesmo tempo no papel que estas desempeñan en tanto que orixe e fundamento das linguas romances e da cultura occidental, o que coñecemos como herdanza clásica.

Esta mesma perspectiva está tamén presente no currículo básico para bacharelato, malia perseguirse nesta etapa un estudo máis en profundidade da lingua, xa que, ben pola súa estrutura interna de funcionamento, ben polo seu caudal léxico, está moi presente nas linguas utilizadas e estudadas polos alumnos e as alumnas.

O estudo do latín como lingua flexiva proporciona mediante a comparación unha sólida base científica para o estudo e o perfeccionamento progresivo no manexo doutras linguas.

O idioma latino, logo de adquiridos uns mínimos coñecementos sobre os seus mecanismos morfosintácticos e o seu léxico, permite entender as linguas romances como resultado dunha evolución e atopar paralelismos entre elas que axuden no seu estudo.

O estudo da orixe e a evolución do latín ás linguas romances proporciónalle ao alumnado os instrumentos necesarios para comprender e analizar os procesos de cambios fonéticos, morfosintácticos e semánticos que deron lugar aos procedementos que rexen hoxe as súas linguas, e axuda a incrementar de xeito notable o seu léxico. A reflexión sobre o léxico coñecido, a adquisición de novas palabras e a comprensión das estruturas da lingua latina interveñen de xeito notable no uso máis eficaz da lingua propia como instrumento de aprendizaxe, comunicación e interpretación da realidade.

O estudo da herdanza clásica, obxecto desta materia, non só está presente na lingua latina, pois abordará tamén os diferentes aspectos que se inclúen no que coñecemos como civilización latina, berce da Europa actual. Ademais da descrición do seu marco xeográfico e do estudo dos principais fitos históricos, haberá lugar tamén para unha análise das súas estruturas sociopolíticas, da súa vida cotiá, e manifestacións culturais como os espectáculos públicos ou as súas creacións literarias e artísticas, a enxeñaría e o urbanismo, a mitoloxía e a relixión.

Partindo desta perspectiva, o estudo da materia organízase en bloques que, con lixeiros matices, se repiten en todos os cursos.

Os devanditos bloques refírense tanto a cuestións lingüísticas como a temas culturais, tendo en conta que ambos os dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización romana, sen as que non é posible apreciar a importancia do legado latino na súa verdadeira dimensión.

O primeiro destes bloques estuda o latín como orixe das linguas romances e ten un trato lixeiramente diferente para o curso de cuarto de ESO e o curso de segundo de bacharelato. Os contidos de 4º ESO comezan coa análise das linguas do mundo, para seguir co estudo do indoeuropeo e as súas familias lingüísticas, a orixe, a evolución e as etapas do latín e as linguas romances. A continuación, e xa para os dous cursos, preténdese analizar o papel que desempeñou a lingua latina na formación do galego, do castelán e das demais linguas romances que se falan na actualidade en Europa e noutros países do mundo, mediante o estudo do mantemento de elementos lingüísticos latinos nesas linguas e a análise dos procesos de evolución fonética, morfosintáctica e semántica.

O seguinte bloque, deseñado só para latín de cuarto de ESO, aborda os elementos básicos da lingua latina, comezando por percorrer os sistemas de escritura coñecidos, para analizar despois a orixe e a evolución do abecedario latino e a súa pronuncia.

Os dous bloques seguintes, comúns aos dous cursos, tratan aspectos netamente lingüísticos, centrándose desta vez na morfoloxía e na sintaxe, os outros dous niveis de descrición e explicación do sistema, ademais da fonética e a semántica, dúas realidades inseparables que conforman e integran o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a relación que manteñen con outras dentro da oración. A sintaxe tamén se ocupa de estudar as estruturas oracionais latinas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade, co propósito fundamental da comprensión e a interpretación dos textos.

No curso de cuarto de ESO dedícase un bloque ao estudo da civilización latina, co fin de identificar non só os feitos máis importantes da súa historia, senón tamén os aspectos

proprios da súa organización política, social e militar, e da súa identidade cultural, sen esquecer o estudo da vida cotiá, a relixión e a mitoloxía, cuxa influencia resulta decisiva para a configuración do imaxinario occidental. Preténdese tamén iniciar o alumnado no coñecemento dalgunhas das manifestacións artísticas máis significativas da antigüidade romana, entre as que destacan por unha banda as relativas ás artes plásticas e, máis concretamente, a escultura e a arquitectura, e pola outra, as literarias.

O estudo máis en profundidade destas últimas resérvase para o curso de segundo de bacharelato, que conta cun bloque específico para a literatura latina, no que un mellor coñecemento da lingua lle permitirá ao alumnado entrar en contacto directo con algúns fragmentos das obras orixinais, afondando deste xeito na comprensión dos textos literarios clásicos latinos para comprender as claves da sociedade en que viron a luz e valorar a influencia que os autores latinos tiveron ao longo dos séculos.

Se a lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización latina, non existe mellor instrumento para o estudo de ambas que os propios textos, aos que está dedicado outro dos bloques de contidos previstos en todos os cursos. Preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. Para lograr este obxectivo, ademais do labor de tradución, deberase tratar o latín como unha lingua viva coa que traballar tamén a comunicación oral e escrita.

Por último, nos dous cursos dedícase un bloque ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces latinas nas linguas modernas, senón ademais porque axuda o alumnado a adquirir unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir o de outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos ao seu vocabulario habitual. Así, dedícase un especial interese á composición e á derivación culta, onde se analizan prefixos, lexemas e sufixos de orixe grega e latina.

Abondando nesta última idea, abórdase o estudo das locucións e as expresións latinas de uso actual, non só para coñecer o seu significado, senón tamén para saber empregalas nun contexto adecuado.

A distribución dos contidos nestes bloques implica un tratamento específico e equilibrado e obriga a situalos nun contexto xeral en que os diversos elementos atopen unha explicación relacionada e coherente.

É recomendable comezar o estudo do latín de cuarto de ESO cun método natural, no que as regras morfosintácticas se deduzan da práctica da lectura e da tradución, deixando para os cursos de primeiro e segundo de bacharelato un estudo máis pormenorizado.

Latín 4º ESO

Obxectivos

1. Comprender textos latinos en contextos onde o sentido sexa facilmente deducible.
2. Identificar e relacionar elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua latina que permitan a análise e a tradución de textos sinxelos.
3. Desenvolver os hábitos de organización, traballo e disciplina no estudo a partir dos mecanismos de estruturación mental que implica o proceso de análise e tradución de textos latinos.
4. Mellorar a lectura comprensiva e a expresión oral e escrita mediante o coñecemento do vocabulario e as estruturas gramaticais latinas.
5. Coñecer a orixe e evolución das linguas romances para valorar os trazos comúns e a diversidade lingüística como mostra da riqueza cultural dos pobos de Europa.
6. Utilizar as regras fundamentais de evolución fonética do latín ás linguas romances e identificar palabras patrimoniais, cultismos e expresións latinas en diferentes contextos lingüísticos.
7. Entender o significado do léxico común de orixe grecolatina da propia lingua e comprender vocabulario culto, científico e técnico a partir dos seus compoñentes etimolóxicos.
8. Reflexionar sobre os elementos formais e as estruturas lingüísticas das linguas romances coñecidas polo alumno, a través da comparación co latín, modelo de lingua flexiva.
9. Coñecer os aspectos relevantes da cultura e da civilización romanas, utilizando diversas fontes de información e diferentes soportes, para identificar e valorar a súa continuidade no noso patrimonio cultural, artístico e institucional.
10. Coñecer os xéneros literarios latinos máis importantes.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL)

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

Aprender a aprender (CAA)

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

Competencia dixital (CD)

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo docente, deberá servirnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

Competencias sociais e cívicas (CSC)

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

A competencia que traballa o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor estará presente sobre todo nos bloques de contidos non lingüísticos, para aproveitar a metodoloxía do traballo en grupo de xeito responsable e proactivo.

Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave

A materia de latín organízase en sete bloques:

- Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.

- Bloque 2. Sistema de lingua latina: elementos básicos.
- Bloque 3. Morfoloxía.
- Bloque 4. Sintaxe.
- Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización.
- Bloque 6. Textos: tradución dos textos do libro *Lingua Latina per se illustrata. Pars prima: Familia Romana* de Hans H. Ørberg.
- Bloque 7. Léxico.

Na táboa que segue, pódense ver desenvoltos estes bloques.

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances.			
B1.1. Marco xeográfico da lingua.	B1.1. Coñecer e localizar en mapas o marco xeográfico da lingua latina.	LAB1.1.1. Sinala sobre un mapa o marco xeográfico no que se sitúa en distintos períodos a civilización romana, delimitando o seu ámbito de influencia e situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CMCCT CCEC CAA CD CSC
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.2. Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da maioría das linguas faladas en Europa actualmente.	LAB1.2.1. Define o indoeuropeo e reconece as linguas indoeuropeas e as súas familias, delimitando nun mapa a zona de orixe e as zonas de expansión.	CD CAA CMCCT
B1.2. O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas.	B1.3. Agrupar as linguas indoeuropeas en familias lingüísticas e localizalas nun mapa.	LAB1.3.1. Identifica as linguas que se falan actualmente en Europa, diferenciando pola súa orixe entre indoeuropeas e non indoeuropeas, clasifica as primeiras en familias lingüísticas e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
B1.3. Linguas de España: linguas romances e non romances.	B1.4. Coñecer as orixes das linguas faladas en España, clasificalas e localizalas nun mapa.	LAB1.4.1. Identifica as linguas que se falan en España, diferenciando pola súa orixe as romances e as non romances, e delimita nun mapa as zonas onde se utilizan.	CSC CAA CD
B1.4. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.5. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LAB1.5.1. Identifica e diferencia palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos, en relación co termo de orixe.	CCL CAA

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.5. Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.6. Coñecer e aplicar as regras fundamentais da evolución fonética do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LAB.1.6.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán aplicando as regras fonéticas de evolución.	CCL CAA
Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos			
§□ B2.1. Orixes da escritura. Sistemas de escritura.	§□ B2.1. Coñecer diferentes sistemas de escritura e distinguilos do alfabeto.	§□ LAB2.1.1. Recoñece diferentes tipos de escritura e clasifícaos consonte a súa natureza e a súa función.	CD CCEC
B2.2. Orixes do alfabeto latino.	B2.2. Coñecer a orixe do alfabeto nas linguas modernas e identificar os tipos de alfabeto empregados hoxe en día en Europa.	LAB2.2.1. Explica a orixe do alfabeto de diferentes linguas partindo do abecedario latino, sinala as principais adaptacións que se producen en cada unha delas, recoñece os tipos de alfabetos usados actualmente en Europa e relaciona cada un coas linguas que os empregan.	CAA CD
B2.3. Pronuncia do latín.	B2.3. Coñecer e aplicar con corrección as normas básicas de pronuncia en latín.	LAB2.3.1. Le en voz alta textos latinos de certa extensión coa pronuncia correcta.	CCL
Bloque 3. Morfloxía			
B3.1. Formantes das palabras.	B3.1. Identificar e distinguir os formantes das palabras.	LAB3.1.1. Descompón palabras nos seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e morfemas, e servíndose destes para identificar desinencias e explicar o concepto de flexión e paradigma.	CMCCT CCL
B3.2. Tipos de palabras: variables e invariables.	B3.2. Distinguir e clasificar tipos de palabras.	LAB3.2.1. Distingue palabras variables e invariables, explica os trazos que permiten identificalas e define criterios para clasificalas.	CAA CCL
B3.3. Concepto de declinación e conxugación.	B3.3. Comprender o concepto de declinación e conxugación.	LAB3.3.1. Define o concepto de declinación e conxugación.	CAA CCL
B3.4. Flexión nominal e pronominal: substantivos, adxectivos e pronomes.	B3.4. Coñecer as declinacións, encadrar as palabras dentro da súa categoría e declinación, enuncialas e declinalas correctamente.	LAB3.4.1. Enuncia correctamente substantivos, adxectivos e pronomes en latín, distíngueos a partir do seu enunciado e clasifícaos segundo a súa categoría e a súa declinación.	CD CCL

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		LAB3.4.2. Declina palabras e sintagmas en concordancia, aplicando correctamente para cada palabra o paradigma de flexión correspondente.	CCL CAA
B3.5. Flexión verbal.	B3.5. Coñecer as conjugacións, encadrar os verbos dentro da súa conjugación, enuncialos e conxugalos correctamente.	LAB3.5.1. Identifica as conjugacións verbais latinas e clasifica os verbos segundo a súa conjugación a partir do seu enunciado.	CAA CCL
		LAB3.5.2. Coñece e identifica as formas que compoñen o enunciado dos verbos de paradigmas regulares e recoñece a partir destas os modelos de conjugación.	CCL CAA
B3.5. Flexión verbal.	B3.6. Recoñecer as formas dos tempos verbais formados a partir do tema de presente e perfecto, tanto en voz activa como en voz pasiva, así como as formas non persoais do verbo: infinitivo de presente activo e participio de perfecto.	LAB3.6.1. Identifica correctamente as principais formas derivadas de cada tema verbal latino: en voz activa o modo indicativo, tanto do tema de presente como do tema de perfecto; en pasiva, o presente, o pretérito imperfecto, o futuro imperfecto e o pretérito perfecto de indicativo.	CAA CCL
		LAB3.6.2. Cambia de voz as formas dos tempos verbais do presente, pretérito imperfecto, futuro imperfecto e pretérito perfecto de indicativo.	CD CCL
		LAB3.6.3. Identifica formas non persoais do verbo, como o infinitivo de presente activo e o participio de perfecto.	CAA CCL
		LAB3.6.4. Traduce correctamente ao galego e ao castelán diferentes formas verbais latinas.	CCL
Bloque 4. Sintaxe			
B4.1. Elementos da oración.	B4.1. Coñecer e analizar as funcións das palabras na oración.	LAB4.1.1. Analiza morfolóxica e sintacticamente frases e textos adaptados, identificando correctamente as categorías gramaticais presentes nas palabras con flexión e explicando as funcións na oración.	CMCCT

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.2. Casos latinos.	B4.2. Coñecer os nomes dos casos latinos e identificar as súas principais funcións na oración, e saber traducir os casos á lingua materna adecuadamente.	LAB4.2.1. Enumera correctamente os nomes dos casos que existen na flexión nominal e pronominal latina, e explica as principais funcións que realizan dentro da oración.	CAA CCL
		LAB4.2.2. Traduce correctamente á súa lingua os casos latinos presentes nos textos e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
B4.3. Concordancia.	B4.3. Recoñecer as regras de concordancia na lingua latina e a súa correspondencia no galego e no castelán.	LAB4.3.1. Recoñece nos textos as regras e a concordancia latina, e redacta en lingua latina pequenas frases, onde practica o seu uso.	CCL
B4.4. Oración simple: oracións atributivas e predicativas.	B4.4. Recoñecer e clasificar os tipos de oración simple.	LAB4.4.1. Compara e clasifica tipos de oracións simples, e identifica as súas características.	CMCCT CCA CCL
B4.5. Oración composta: oracións coordinadas.	B4.5. Distinguir as oracións simples das compostas.	LAB4.5.1. Compara e clasifica tipos de oracións compostas, e diferéncias das oracións simples.	CAA CMCCT CCL
B4.6. Construcións de infinitivo e de participio máis transparentes.	B4.6. Identificar, distinguir e traducir correctamente as construcións de infinitivo e participio máis transparentes.	LAB4.6.1. Recoñece, dentro de frases e textos sinxelos, as construcións de infinitivo e participio máis transparentes, e analiza e tradúceas correctamente.	CCL
Bloque 5. Roma: historia, cultura e civilización			
B5.1. Períodos da historia de Roma.	B5.1. Coñecer os feitos históricos das etapas da historia de Roma, encadralos no seu período correspondente e realizar eixes cronolóxicos.	LAB5.1.1. Distingue as etapas da historia de Roma e explica os seus trazos esenciais e as circunstancias que interveñen no paso de unhas a outras.	CSC CSIEE CD
		LAB5.1.2. Sabe enmarcar determinados feitos históricos no período histórico correspondente.	CAA CCEC CSC
		LAB5.1.3. Pode elaborar eixes cronolóxicos nos que se representan feitos históricos salientables, consultando diferentes fontes de información.	CD CAA CMCCT
		LAB5.1.4. Describe algúns dos principais feitos históricos da civilización latina, e explica a grandes liñas as circunstancias en que teñen lugar e as súas principais consecuencias.	CSC CCEC CCL

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B5.2. Organización política e social de Roma.	B5.2. Coñecer os trazos fundamentais da organización política e social de Roma.	LAB5.2.1. Describe os trazos esenciais que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano.	CSIEE CSC CCL
		LAB5.2.2. Describe a organización da sociedade romana e explica as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha delas, en comparación cos actuais.	CSIEE CSC CCEC CCL
B5.3. A familia romana.	B5.3. Coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros.	LAB5.3.1. Identifica e explica os papeis que desempeña dentro da familia cada un dos seus membros, e analiza a través deles os estereotipos culturais da época en comparación cos actuais.	CSC CCEC CCL
B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.4. Coñecer os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina.	LAB5.4.1. Identifica os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina, sinala os trazos que os caracterizan e establece relacións entre os deuses máis importantes.	CCEC CCL CD
B5.4. Mitoloxía e relixión.	B5.5. Coñecer os deuses, mitos e heroes latinos, e establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais.	LAB5.5.1. Recoñece e ilustra con exemplos o mantemento do mítico e da figura do heroe na nosa cultura, e sinala as semellanzas e as principais diferenzas que se observan entre ambos os tratamentos.	CAA CCEC CD
B5.5. Vida cotiá: vivenda, alimentación e indumentaria.	B5.6. Recoñecer os tipos de vivenda empregados en Roma, as características principais da alimentación romana, os elementos da indumentaria e as normas de hixiene persoal, peiteados e cosméticos.	LAB5.6.1. Distingue e describe o modo de vida en Roma no ámbito privado, analizando os tipos de vivenda, alimentación, vestimenta e coidado persoal e contrasta cos da actualidade.	CD CCEC CSC CCL CSIEE CCL CAA
B5.6. Espectáculos públicos: teatro, circo e anfiteatro.	B5.7. Coñecer os espectáculos públicos realizados no teatro, no circo e no anfiteatro, e a súa relación co mundo actual.	LAB5.7.1. Describe as características dos tipos de espectáculos públicos celebrados no teatro, no circo e no anfiteatro, valora o seu mantemento no mundo actual e sitúa nun mapa os teatros, os circos e os anfiteatros conservados máis importantes.	CSC CSIEE CCL CMCCT CCEC
Bloque 6. Textos. Tradución dos textos do libro “Lingua Latina per se illustrata. Pars prima: Familia Romana” de HANS H. ORBERG”.			

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B6.1. Análise morfolóxica e sintáctica.	B6.1. Aplicar coñecementos básicos de morfoloxía e sintaxe para iniciarse na interpretación, na tradución e na retroversión de frases de dificultade progresiva e textos adaptados.	LAB6.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de frases de dificultade graduada e textos adaptados, para efectuar correctamente a súa tradución ou retroversión.	CCL CAA
B6.2. Comparación das estruturas latinas coas das linguas propias.	B6.2. Comparar as estruturas latinas coas das linguas propias.	LAB6.2.1. Utiliza mecanismos de inferencia para comprender textos de forma global, relacionando estruturas latinas con outras equivalentes nas linguas que coñece.	CCL CAA
B6.3. Iniciación ás técnicas de tradución.	B6.3. Utilizar correctamente os manuais de gramática e o dicionario, recoñecendo e analizando toda a información que proporcionan.	LAB6.3.1. Utiliza correctamente os manuais e o dicionario, analizando a información que proporcionan, para traducir pequenos textos.	CCL CAA
B6.4. Lectura comprensiva de textos latinos orixinais, adaptados ou traducidos.	B6.4. Realizar a través dunha lectura comprensiva a análise e o comentario do contido e a estrutura de textos latinos traducidos.	LAB6.4.1. Realiza comentarios sobre determinados aspectos culturais presentes nos textos seleccionados, aplicando para iso os coñecementos adquiridos previamente nesta ou noutras materias.	CCEC CCL
		LAB6.4.2. Elabora mapas conceptuais e estruturais dos textos propostos, localizando o tema principal e distinguindo as súas partes.	CMCCT CD CCL
B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.5. Redactar en lingua latina pequenos textos de produción propia.	LAB6.5.1. Redacta frases sinxelas ou pequenos textos en latín sobre un tema proposto.	CCL
B6.5. Producción de pequenos textos propios en lingua latina.	B6.6. Realizar pequenos coloquios en latín con frases sinxelas e de dificultade progresiva.	LAB6.6.1. Mantén un sinxelo diálogo en latín sobre a base dun tema previamente acordado.	CCL
Bloque 7. Léxico			
B7.1. Vocabulario básico latino: léxico transparente; palabras de maior frecuencia.	B7.1. Coñecer, identificar e traducir o léxico latino transparente e as palabras de maior frecuencia.	LAB7.1.1. Deduce o significado de termos latinos non estudados, partindo do contexto ou de palabras da lingua propia.	CAA CCL
		LAB7.1.2. Identifica e explica as palabras transparentes e de maior frecuencia.	CD CAA

Latín ESO			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.2. Distinguir e coñecer o significado dos principais prefixos e sufixos que interveñen na composición e na derivación culta.	LAB7.2.1. Identifica e explica os principais prefixos e sufixos, analizando o seu mantemento na propia lingua.	CMCCT CCL
B7.2. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos.	B7.3. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas do alumnado	LAB7.3.1. Identifica a etimoloxía de palabras de léxico común da lingua propia e explica a partir desta o seu significado	CCL
B7.3. Locucións latinas de uso actual.	B7.4. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LAB7.4.1. Coñece o significado das principais locucións latinas de uso actual e sabe empregalas no seu contexto axeitado, cando se expresa na súa propia lingua.	CD CSC CCEC CCL

Temporalización

1ª Avaliación

- As declinacións nominais: 1ª, 2ª.
- Pronomes.
- Enunciado de verbos.
- Modo Indicativo da voz activa en todas as conxugacións: tema de presente.
- Traducións do libro LINGVA LATINA.
- Latín, orixe das linguas romances.
- Roma: historia, cultura, arte e civilización.
- Léxico.

2ª Avaliación

- Repaso da materia explicada na 1ª avaliación.
- As declinacións nominais: 3ª, 4ª, 5ª.
- Pronomes.
- Modo Indicativo da voz activa de todas as conxugacións: tema de perfecto.
- Traducións do libro LINGVA LATINA.
- Roma: historia, cultura, arte e civilización.
- Léxico.

3ª Avaliación

- Repaso da materia explicada na 1ª e 2ª avaliación.
- Adxectivos 3ª declinación. Graos do adxectivo.
- Voz Pasiva: modo Indicativo (presente e pretérito perfecto).
- Infinitivo. Participio.

- Traducións do libro LINGVA LATINA.
- Roma: historia, cultura, arte e civilización.
- Léxico.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Declinacións de substantivos, adxectivos e algúns pronomes.
- Verbos regulares e verbo *sum*: enunciado e tempos de indicativo en voz activa.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos, serán as probas escritas e as preguntas que diariamente se farán na aula.

Metodoloxía didáctica

A profesora explicará todos os contidos segundo a temporalización sinalada máis arriba. Os alumnos copiarán nos seus cadernos estas explicacións que lles servirán de guía. Complementariamente traduciremos capítulos de LINGVA LATINA.

Os principios e estratexias metodolóxicas aquí especificados han de supor unha especie de eixo vertebrador no que se baseará o éxito na aplicación e comprensión por parte do alumno dos contidos que nel se inclúen.

Antes de empezar a ler un novo capítulo, os alumnos deben estudar a ilustración que o encabeza ou o mapa que aparece na primeira páxina. Isto pode conducir a un breve debate (en galego ou castelán) sobre aspectos culturais coa axuda da profesora, quen conducirá aos alumnos a observar detalles importantes mentres len en voz alta os nomes latinos e as novas palabras ilustradas.

Na presentación do texto concreto ha de procurarse o emprego gradual do latín por parte da profesora. A finalidade é afacer aos alumnos desde o principio a ler e entender o texto latino en latín, sen interferencias coas súas linguas maternas, ou coas mínimas se non hai máis remedio. A profesora empeza por ler unhas liñas en voz alta, facendo que a clase ao completo, ou (máis tarde) os alumnos individualmente, repitan cada frase. Se a lectura se fai con coidado, cunha pronuncia correcta e unha apropiada acentuación e agrupación de palabras, os estudantes descubrirán para a súa satisfacción que poden entender o texto inmediatamente e non terán necesidade de traducilo.

A pronuncia ensínase animando aos alumnos a imitar ao seu profesor, quen debe esforzarse en pronunciar correcta e claramente. Cando os alumnos escoiten e repitan as frases, normalmente deberán ter os libros abertos ante si, de maneira que poidan ver a palabra escrita ao mesmo tempo que len e repiten.

Cando a profesora presente o texto por primeira vez saberá qué palabras e estruturas gramaticais son novas para os alumnos grazas á lista de palabras novas, na marxe ao final de cada capítulo. O texto auto-explicativo garante que o significado de cada nova palabra e a función de cada nova forma gramatical se entenda a partir do contexto, pero unha

presentación en vivo e en directo, cunha entoación suxestiva, mesmo acenando e con frecuentes referencias ás axudas visuais, será sempre de gran axuda para os alumnos. As súas respostas espontáneas serán xeralmente suficientes para comprobar que o captaron todo, mentres que, doutra banda, unha mirada sorprendida ou un fallo na resposta revelarán dificultades. En tales casos, e para maior seguridade, a profesora pode aclarar o significado repetindo unha ou dúas frases con especial fincapé na palabra ou forma cuestionada, ou pode ilustrar o punto gramatical con máis exemplos ou debuxos. O mesmo procedemento pódese empregar para chamar a atención dos alumnos sobre novas estruturas gramaticais.

Logo de presentar unha pasaxe deste xeito, pódese pedir aos alumnos que lean individualmente, por quendas e en voz alta, distintas partes da pasaxe, de forma que se demostre que se comprendeu o texto mediante a expresión e a acentuación correctas. Se a pasaxe contén diálogos, pódense asignar os distintos papeis a diferentes alumnos (a profesora ou un alumno pode actuar como narrador).

Os capítulos de LINGVA LATINA son tan extensos que deben dividirse en varias lecturas. A división en *lectiones* que aparece na marxe en números romanos (I, II, III), e que é seguida no libro de exercicios EXERCITIA LATINA, pretende ser unha guía para a profesora, pero necesitarase máis dun período para algunha destas leccións. Co obxecto de fomentar a lectura, a profesora non debería facelas demasiado curtas.

Para se asegurar de que todos os alumnos entenderon e asimilaron correctamente o texto que teñen ante si, pódense seguir varios procedementos: A comprensión da gramática e o vocabulario pódese comprobar utilizando os exercicios que aparecen en EXERCITIA LATINA. Ademais de exercicios de complementación e substitución, aquí atópanse suxestións para facer preguntas sinxelas en latín sobre o contido de cada lección. Este tipo de preguntas serven para comprobar a comprensión xeral do texto. Algunhas delas se poden acompañar de debuxos explicativos. Mentres responden ás cuestións, débese permitir aos alumnos que teñan os libros abertos, de maneira que se é necesario poidan atopar a resposta no libro (a súa habilidade para localizar a resposta correcta mostrará que entenden o significado tanto da pregunta como da resposta).

Se aínda queda dúbida sobre se unha nova palabra ou forma gramatical é entendida correctamente por todos, pódese pedir aos alumnos que dean un equivalente en español. Con todo, se o texto foi presentado coidadosamente, facendo a adecuada énfase nas novas características, a tradución tanto de palabras como de frases será xeralmente superflua. Por suposto, a tradución ao español de palabras latinas e de frases estará sempre presente na mente dos alumnos, pero ao ler o texto animaráselles a se concentrar na comprensión do latín directamente, en lugar de buscar equivalentes en español. O feito de que non se lles pida a tradución contribuirá á comprensión directa e á inherente mestría na lectura.

Os aspectos gramaticais serán explicados pola profesora, e os alumnos terán no seu caderno a gramática que lles servirá de guía en 1º e 2º.

Como axuda complementaria para observar e aprender o sistema gramatical, cada capítulo vén seguido dunha sección de gramática (*Grammatica Latina*), que ofrece sistematicamente e de xeito ordenado exemplos dos novos aspectos gramaticais cos termos gramaticais latinos pertinentes. Os exercicios correspondentes atópanse no volume EXERCITIA LATINA, baixo o epígrafe *Lectio grammatica*. Posto que a

profesora xa terá chamado previamente a atención sobre a maioría destes puntos, o estudo desta sección non require moito tempo.

Os tres *pensa* ao final de cada capítulo constitúen a proba final da comprensión por parte dos estudantes da materia ensinada no capítulo. Logo de estudar o texto principal e a sección *Grammatica Latina*, pedirase aos estudantes que completen as terminacións *gramaticais no *Pensum A*, e as novas palabras no *Pensum B* (inclúense as formas para completar). Se puidésemos dispor do CD-ROM *Familia Romana*, estes pensa se poderían responder e corrixir directamente no computador (en caso de dúbida, ademais, o programa informa aos estudantes de qué formas gramaticais deben usar ou ónde poden atopar as palabras que faltan). As preguntas no *Pensum C* deben responderse con frases completas, pero se isto xa se fixo oralmente en clase non é necesario dar unha resposta escrita. Se estes exercicios se realizan satisfactoriamente (con polo menos un 80 das respostas correctas), esta é a maior garantía de que os estudantes comprenderon e asimilaron o capítulo na súa totalidade, cos novos aspectos gramaticais e o vocabulario.

A pesar do coidadoso repaso, os estudantes atoparanse, conforme progresen na súa lectura, algunhas palabras cuxo significado esquezan. A profesora pode axudar ao alumno dándolle un exemplo da palabra utilizada nun contexto fácil que clarifique o significado, pero os alumnos tamén poden pescudar o significado por si mesmos consultando o *Index vocabulorum* que hai ao final do libro. A profesora mostrará aos alumnos, cando lean un ou dous capítulos, como usar a referencia do capítulo e a liña para atopar o parágrafo onde a palabra aparece por primeira vez nun contexto que será xeralmente suficiente para aclarar o seu significado.

Materials e recursos didácticos

Material básico:

- Caderno do alumno coas explicacións da profesora, que incluírán a final de curso toda a gramática latina básica.
- Volume I do método LINGVA LATINA PER SE ILLUSTRATA, titulado FAMILIA ROMANA.

Como material complementario:

- Unha selección dos COLLOQUIA PERSONARVM, textos en forma dialóxica para afianzar determinados contidos gramaticais de forma moito máis amena, empregando, cando proceda, o recurso á teatralidade na aula.
- Programas de ordenador (en CD), en caso de dispor de ordenadores, que permiten practicar máis interactivamente os exercicios:
FAMILIA ROMANA, ROMA AETERNA, EXERCITIA LATINA I, EXERCITIA LATINA II.
- Materiais adicionais tales como audicións musicais con letras en latín, DVDs, mapas, programas de software educativo relacionados coa materia, relacións de páxinas web, etc.
- Presentacións visuais en formato power point o word, preparadas pola profesora, para introducir ou repasar a materia.

Criterios de avaliación

1. Identificar en textos traducidos de autores clásicos e modernos, despois de resumos, aspectos históricos ou culturais.

Este criterio pretende verificar a capacidade de comprender o contido dun texto, identificar acontecementos, personaxes e aspectos da civilización romana, e relacionar os datos do texto con referentes actuais.

2. Distinguir nas diversas manifestacións literarias e artísticas de todos os tempos a mitoloxía clásica como fonte de inspiración e recoñecer no patrimonio arqueolóxico as pegadas da romanización.

Este criterio trata de comprobar se se identifican os principais elementos da mitoloxía clásica e o patrimonio arqueolóxico romano en diversos contextos expresivos, textos literarios e iconografía de calquera tipo, se se comprende o seu significado específico e se se advirte o seu valor como fonte de inspiración.

3. Aplicar as regras básicas de evolución fonética a étimos latinos que dean orixe a termos romances do vocabulario habitual e establecer a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade para utilizar os mecanismos de evolución fonética e analizar as diferenzas de significado entre palabras dunha mesma orixe.

4. Identificar compoñentes de orixe grecolatina en palabras da linguaxe cotiá e no vocabulario específico das ciencias e da técnica, e explicar o seu sentido etimolóxico.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de recoñecer os formantes gregos e latinos en diferentes contextos lingüísticos e producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos.

5. Recoñecer latinismos e locucións usuais de orixe latina incorporadas ás linguas coñecidas polo alumno e explicar o seu significado en expresións orais e escritas.

Este criterio pretende verificar se o alumnado identifica e comprende as expresións latinas integradas nas linguas modernas e se é capaz de utilizalas de xeito coherente.

6. Recoñecer os elementos morfolóxicos e as estruturas sintácticas elementais da lingua latina e comparalos cos da propia lingua.

Con este criterio trátase de constatar a comprensión do funcionamento básico da lingua latina e a capacidade de establecer analoxías e diferenzas con elementos e estruturas da súa propia lingua.

7. Traducir textos breves e sinxelos e producir, mediante retroversión, oracións simples utilizando as estruturas propias da lingua latina.

Este criterio intenta comprobar se as alumnas e os alumnos asimilaron as estruturas morfolóxicas e sintácticas elementais da lingua latina e se son capaces de recoñecelas para realizaren traducións directas ou inversas de textos elaborados de escasa dificultade.

8. *Manexar recursos que lle permitan ao alumnado elaborar, guiado polo profesorado, un traballo temático sinxelo sobre calquera aspecto da produción artística e técnica, a historia, as institucións, ou a vida cotiá en Roma.*

Este criterio quere comprobar se o alumnado é quen de buscar información en fontes e formatos diversos, selecciónala, organizala e, despois da elaboración dun texto, expresala con orde, coherencia e cohesión.

Criterios de cualificación

En cada avaliación realizaranse, como mínimo, dous exames de gramática e tradución. A gramática normalmente puntuará un 80% e a tradución un 20%. Se se obtén menos de 4 nunha parte terá que facer recuperación desa parte e a nota máxima desa recuperación será un 5.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación para o alumnado suspenso e ampliación só para o alumnado aprobado. Nese sentido, para o alumnado que teña a materia con partes sen superar unha vez realizada a terceira avaliación parcial, a profesora deseñará as correspondentes actividades de recuperación. As actividades de recuperación supoñerán un 30% da nota final e o 70 % restante conseguirase cun exame de toda a materia.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva na avaliación final de curso. A nota da avaliación final dos alumnos aprobados será a mesma nota que a da 3ª avaliación parcial. En ningún caso se fará media aritmética entre as tres avaliacións por tratarse dunha materia de avaliación continua e a terceira avaliación ten prioridade sobre as anteriores. Non obstante, a cualificación definitiva pode elevarse ata 1 punto mediante a realización dun traballo escrito proposto polo profesor e presentado oralmente na clase. Se o alumno quere mellorar a súa nota final en máis de 1 punto, terá que realizar un exame final con toda a gramática explicada durante o curso.

Tratamento do fomento da lectura

Cada alumno deberá ler unha serie de textos (libros completos, ou partes específicas), máis ou menos extensa, e de maior ou menor dificultade dependendo da súa madurez e capacidade.

Tratamento do fomento das TIC

Proporcionaránselle aos alumnos o enderezo de páxinas electrónicas relacionadas cos temas da materia e se posibilitará que no propio centro consulten ditas páxinas.

O método *Lingua Latina* dispón dun excelente material interactivo, pero o seu uso, no noso caso, só será posible se podemos dispor dun ordenador por alumno.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non hai ningún alumno con esta materia pendente.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Antes da sesión da avaliación inicial a profesora preguntará diariamente en clase para facerse unha composición de lugar.

Atenderase aos alumnos que o precisen nos recreos.

Programación de temas transversais

Os ensinos transversais supoñen fundamentalmente a adquisición de contidos de valor. Isto require un proceso adecuado:

- Achegamento ao valor, para coñecelo e descubri-lo como tal e apreciá-lo.
- Elección libre das crenzas e condutas entre varias alternativas, logo de considerar as consecuencias, e sería adhesión a elas.
- Incorporación do valor á conduta, ata obrar habitualmente de acordo con el.

Desde a óptica do latín os temas transversais pódense considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

A profesora deste centro é tamén licenciada en Dereito e por iso o tema transversal que máis se desenvolverá será a débeda do dereito español co dereito romano.

Medidas de atención á diversidade

As necesidades específicas de cada alumno serán atendidas, facendo fincapé con cada un deles nas súas necesidades, ben por defecto ou por exceso de coñecementos.

As lecturas que cada alumno deberá facer pola súa conta, son un excelente medio para graduar a tarefa segundo a capacidade de cada quen.

Os programas informáticos do método “Lingua Latina” serían excelentes para permitir que cada alumno avanzase ao seu propio ritmo, pero o seu uso depende de que teñamos á nosa disposición acceso a ordenadores.

Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

Non hai previstas actividades complementarias nin extraescolares.

Latín II

Obxectivos

1. Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.
2. Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.
3. Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.
4. Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.
5. Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.
6. Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.
7. Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o ámbito cultural europeo.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos redundará sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

Aprender a aprender (CAA).

O labor de tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden ser traballadas nos temas de cultura e civilización latinas, nomeadamente na educación en

Roma, no urbanismo e na enxeñaría romana, e as vías de comunicación, en tanto que manifestacións da actividade humana.

Competencia dixital (CD).

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento. A procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado pola profesora, deberá servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais para pór á disposición da comunidade educativa.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

As competencias sociais e cívicas poden ser traballadas particularmente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo romano, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresión cultural está moi presente, ademais de no estudo da literatura latina, nos contidos referidos ás artes plásticas en Roma, o urbanismo e a romanización de Hispania e da Gallaecia. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos ou tópicos literarios, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contexto, ben sexa nas páxinas dun libro, ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave

Os contidos do segundo curso de bacharelato están condicionados polas directrices sinaladas pola CiUG. Estas céntranse, fundamentalmente, na análise, comentario e tradución de textos.

A materia de Latín organízase en seis bloques:

- Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances
- Bloque 2. Morfoloxía
- Bloque 3. Sintaxe
- Bloque 4. Literatura Latina
- Bloque 5. Textos
- Bloque 6. Léxico

O desenvolvemento destes bloques queda recollido na seguinte táboa:

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances			
B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	B1.1. Distinguir e identificar palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos.	LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.	CCL CAA CCEC
B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán.	B1.2. Coñecer e aplicar as regras da evolución fonética e recoñecer os procesos de evolución semántica do latín ao galego e ao castelán, partindo dos étimos latinos.	LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.	CCL CMCCT CCL CCEC
		LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.	CD CCL CAA
Bloque 2. Morfoloxía			
B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Coñecer as categorías gramaticais.	LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.	CAA CCL
B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.2. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.	CMCCT CCL

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.3. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto latino e enuncialas.	LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.	CMCCT CCL
B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.4. Identificar, declinar e traducir todas as formas nominais e pronominais.	LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.	CD CCL CAA
		LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA
B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica.	B2.5. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de todas as formas verbais.	LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán	CD CAA CCL
		LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.	CCL CAA CD
Bloque 3. Sintaxe			
B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Coñecer e aplicar os coñecementos da sintaxe nominal e pronominal para a tradución de textos latinos.	LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.2. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas latinas.	LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.	CCL CAA
B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.3. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas en interpretación e tradución de textos latinos.	LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.	CCL CAA
B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación.	B3.4. Definir, comprender e recoñecer os diferentes tipos de oracións compostas coordinadas e subordinadas.	LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.	CAA CCL
B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	B3.5. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo: infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino.	LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL CAA
Bloque 4. Literatura latina			
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.1. Enumerar os principais factores da transmisión da literatura latina ao longo dos períodos históricos, e describir os soportes da escritura na Antigüidade e a súa evolución.	LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.	CCEC CMCCT CCEC

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.2. Coñecer as características dos xéneros literarios latinos, os seus autores, as obras máis representativas e as súas influencias na literatura posterior.	LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.	CAA CCL CCEC
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura latina como base literaria da literatura e da cultura europea e occidental.	LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.	CMCCT CCEC
		LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD CCL
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.4. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo xénero, época, características e estrutura, se a extensión da pasaxe o permite.	LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúalos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.	CCL CSC CCEC
B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica, historiografía, lírica, oratoria, comedia e fábula.	B4.5. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.	CSC CD CCL

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.	CSC CD CCL
Bloque 5. Textos de Eutropio e Fedro			
B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.1. Realizar a tradución e interpretación de textos latinos orixinais.	LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL CAA
B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos.	B5.2. Utilizar o dicionario, analizar e valorar correctamente a información gramatical que proporciona e procurar o termo máis acaído na lingua propia para a tradución do texto.	LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.	CD CAA CCL
B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.	B5.3. Realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos de autores latinos.	LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.	CAA CSC CCEC CCL

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC CCL
B5.4. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL CCEC
Bloque 6. Léxico			
B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.	B6.1. Coñecer, identificar e traducir termos latinos pertencentes ao vocabulario especializado: léxico literario, científico e filosófico.	LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.	CCL CMCCT CD
B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.2. Recoñecer os elementos léxicos latinos que permanecen nas linguas dos/das estudantes.	LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.	CAA CCL CD
		LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.	CD CCL

Latín II (2º bach.)			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.	B6.3. Coñecer o significado das principais locucións latinas de uso actual e saber empregalas nun contexto axeitado.	LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.	CMCCT CSC CD CCEC CCL
B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega.	B6.4. Recoñecer a presenza de latinismos e helenismos na linguaxe científica e na fala culta, e deducir o seu significado a partir dos correspondentes termos latinos e gregos.	LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.	CCL CCEC

Temporalización

1ª Avaliación

- Repaso e exame da morfoloxía e sintaxe explicada en 1º.
- Tradución de textos de Eutropio.
- Análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Literatura latina (comedia e oratoria).
- Autores (Plauto e Cicerón).
- Latín orixe das linguas romances e léxico:
 - locucións ou expresións latinas.
 - composición e derivación.

2ª Avaliación

- Tradución de textos de Eutropio y Fedro.
- Análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Literatura latina (historiografía, poesía épica e poesía lírica).
- Autores (Tito Livio, Virxilio e Horacio).
- Latín orixe das linguas romances e léxico:
 - locucións ou expresións latinas.
 - composición e derivación.

3ª Avaliación

- Tradución de textos de Eutropio y Fedro.
- Análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Literatura latina (Teatro, Épica, Lírica, Oratoria, Historiografía).
- Latín orixe das linguas romances e léxico:
 - locucións ou expresións latinas.
 - composición e derivación.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Tradución e análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Temas de Literatura latina.
- Latín orixe das linguas romances e léxico:
 - locucións ou expresións latinas.
 - composición e derivación.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos e instrumentos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos, serán as probas escritas e as preguntas que diariamente se farán na aula.

Metodoloxía didáctica

Mantivemos en todos os niveis unha mesma metodoloxía con leves modificacións, posto que tanto a actitude como a forma de abordar a clase por parte da profesora ha de ser basicamente a mesma.

O enfoque metodolóxico deberá favorecer a capacidade de autoaprendizaxe, de traballar en equipo e aplicar os métodos apropiados de investigación para seguir aprendendo ao longo da vida.

Os textos converteranse no punto de partida para traballar simultaneamente os aspectos morfosintácticos da lingua latina, o seu léxico e a súa relación co galego e co castelán, así como os aspectos culturais relacionados cos textos traballados.

Proporase unha secuencia de traballo axeitada e graduada por medio dunha metodoloxía activa, preferentemente de tipo indutivo-contextual, na que as normas se convertan en posesión permanente e en automatismo lingüístico.

O enfoque irá dirixido a que o alumnado desenvolva e afiance as súas propias técnicas de traballo mediante diversas estratexias.

Procurarase xerar un clima na aula co que as alumnas e alumnos sintan a necesidade de participar activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, asegurándonos de que eses intentos, mesmo se son erróneos, sirvan de estímulo para intentalo de novo.

Neste senso, crearanse contextos de aprendizaxe e avaliación que comprometan o alumnado e que o leven a planificar e avaliar as súas realizacións, identificando os

avances e as dificultades, de cara a autorregular o seu propio e singular proceso de aprender a aprender.

Criterios de avaliación

1. Ser capaz de comprender e traducir de forma coherente textos latinos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar o progreso na práctica da tradución, así como a capacidade de lectura comprensiva adquirida polo alumnado. Na tradución procurarase combinar a fidelidade coa corrección no estilo, facendo un adecuado uso do dicionario.

2. Recoñecer en textos latinos orixinais os elementos básicos da morfoloxía regular e da sintaxe da oración, en función da comprensión do texto latino, apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas, especialmente co galego e co castelán.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento e manexo da lingua latina por parte do alumnado, completando o nivel adquirido no curso anterior mediante o estudo das irregularidades morfolóxicas de maior frecuencia e dos procedementos máis habituais de subordinación propios da lingua latina. O alumnado debe manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de dificultade progresiva e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto doutras linguas por el coñecidas.

3. Comparar o léxico latino co das outras linguas de uso do alumnado, identificando os seus compoñentes e deducindo o seu significado etimolóxico.

Este criterio trata de avaliar se o alumnado domina os procedementos de derivación e composición na formación do léxico latino e se é consciente de que eses derivados pasaron como tales á lingua que utiliza. Así mesmo, trátase de comprobar se reflexionou sobre os procedementos de derivación e composición, no que xogan un papel preponderante os afixos de orixe grecolatina.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e trazos literarios deles e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior, especialmente a escrita en galego e castelán nos que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura latina.

5. Planificar e realizar traballos monográficos manexando fontes de diversos tipos (restos arqueolóxicos, inscricións, índices, léxicos, traballos específicos, etc.) e utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, procura, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. O alumnado, guiado polo profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses,

elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas fundamentais en todo o proceso e como soporte para a exposición das súas conclusións. Neste sentido, recoméndase o uso de páxinas web, bitácoras, páxinas colaborativas, enciclopedias e dicionarios en liña, programas de presentacións e outras ferramentas da internet.

6. Ler obras da literatura latina traducidas.

Con este criterio preténdese que o alumnado capte a mensaxe contida na obra, as claves do xénero e o seu contexto histórico. Pode tratarse de obras completas, traducidas ou adaptadas ao nivel de bacharelato, ou ben de antoloxías dunha única ou varias autorías ou que se articulen ao redor de temas concretos. O que se busca fundamentalmente é potenciar o hábito de lectura con textos atractivos para o alumnado.

Criterios de cualificación

A proba de cada avaliación constará de dúas partes:

- Tradución e análise morfolóxico e sintáctico dun texto dos autores nos que se centra o curso.
- Cuestións sobre literatura e expresións latinas.

Na 1ª avaliación, excepcionalmente, a porcentaxe da nota dos exames teóricos de morfoloxía e sintaxe serán o 30% da nota; a tradución e análise dun texto de Eutropio un 40% e as preguntas sobre literatura un 30%.

Na 2ª e 3ª avaliación as porcentaxes serán os seguintes:

- 40% Tradución.
- 10% Análise morfolóxico.
- 10% Análise sintáctico.
- 20% Literatura.
- 20% Aforismos.

Na recuperación final de maio e na convocatoria extraordinaria de xuño as porcentaxes serán:

- 40% Tradución.
- 10% Morfoloxía o Sintaxe.
- 25% Literatura.
- 25% Aforismos.

A nota da avaliación ordinaria será a da terceira avaliación. Aqueles alumnos aprobados sen ir á recuperación no mes de maio poderán incrementar a nota final ata 1 punto, se ao facer a media aritmética das tres avaliacións esa media é superior á da terceira avaliación. Se o alumno quere mellorar a súa nota final, terá que realizar o exame de recuperación final de maio. En ningún caso a nota da avaliación ordinaria será inferior á da terceira avaliación.

Criterios de promoción

O alumno debe aprobar como mínimo cun cinco a terceira avaliación, xa que se trata dunha materia con avaliación continua. Sen embargo, se o alumno obtén un catro na última avaliación, pero ten unha media de seis nas dúas anteriores, tamén se lle concederá o aprobado.

Actividades de recuperación

Durante o curso sempre hai alumnos que por diversas causas se van desligando da marcha xeral. Iso fai que vaian paulatinamente perdendo interese pola materia e, paralelamente, diminúan o seu rendemento. Para todos os alumnos que teñan problemas en asimilar determinados conceptos ou que no poidan seguir o ritmo normal da clase, tense pensado realizar o seguinte:

- Tarefas personalizadas, onde aparezan actividades que reforcen os conceptos que estean mal asimilados.
- Seguimento en clases complementarias, se así o permiten os nosos horarios.
- Tratamento individualizado de cada caso, a fin de conseguir os obxectivos xerais.
- Temos que lembrar que, a se tratar dunha avaliación continua, en ningún caso se realizarán exames de recuperación.

No período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, a profesora impartirá clases para preparar ao alumnado para a realización da ABAU e das probas extraordinarias.

Materiais e recursos didácticos

Material básico:

- Caderno do alumno de 1º.
- Dicionario.
- Textos de autores latinos en versión orixinal.
- Textos de autores traducidos.

Material complementario:

Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.

Materiais adicionais tales como audicións musicais con letras en latín, DVDs, mapas, programas de software educativo relacionados coa materia, relacións de páxinas web, etc.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non hai ningún alumno con esta materia pendente.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Non hai prevista no centro unha sesión de avaliación inicial para o segundo curso. Con todo, atenderase aos alumnos que o precisen nos recreos.

Elementos transversais

Os ensinos transversais supoñen fundamentalmente a adquisición de contidos de valor. Isto require un proceso adecuado:

- a) Achegamento ao valor, para coñecelo e descubri-lo como tal e apreciá-lo.
- b) Elección libre das crenzas e condutas entre varias alternativas, logo de considerar as consecuencias, e sería adhesión a elas.
- c) Incorporación do valor á conduta, ata obrar habitualmente de acordo con el.

Desde a óptica do latín os temas transversais pódense considerar comentando aqueles elementos e costumes da sociedade romana que se consideran socialmente útiles ou criticando aqueloutros que evidencian comportamentos e ideas lesivas para a sociedade ou o individuo.

A profesora deste centro é tamén licenciada en Dereito e por iso o tema transversal que máis se desenvolverá está relacionado cun achegamento ao noso Dereito vixente.

Medidas de atención á diversidade

Sempre haberá alumnos con dificultades específicas no progreso da materia, que deberemos solucionar de forma particular.

Esta mesma actuación se levará a cabo con alumnos con altas capacidades ou que simplemente marchen a un ritmo óptimo e poidan profundar nos seus coñecementos ampliando o número de exercicios realizados.

Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

Non hai previstas actividades complementarias e extraescolares.

Introdución e contextualización da programación de Grego II

A materia de Grego na etapa de bacharelato ten como primeira finalidade introducir o alumnado no coñecemento básico da lingua grega antiga nos seus aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos, co obxecto de lle permitir acceder directamente a algúns dos textos orixinais máis importantes da tradición literaria helénica, a través dos que chegou ata nós unha boa parte do denominado legado clásico. O estudo da lingua e a literatura grega serve, ademais, como instrumento idóneo para se iniciar nun coñecemento directo do pensamento e a cultura grega antiga, que constitúen a base da civilización occidental.

Por outra banda, a través do estudo das peculiaridades morfosintácticas do grego antigo é posible chegar a comprender máis profundamente conceptos lingüísticos que resultan esenciais para avanzar no coñecemento e o uso correcto, tanto da lingua propia como doutras lingua estudadas polo alumnado.

Os contidos propostos para Grego II en que se desenvolve a materia céntranse tanto en cuestións lingüísticas como en temas culturais, tendo en conta que ámbolos dous aspectos constitúen dúas facetas inseparables e complementarias para o estudo da civilización grega, sen as que non é posible apreciar na súa verdadeira dimensión a importancia do seu legado.

O primeiro destes bloques parte da relación entre o grego antigo e outras linguas da familia indoeuropea, para analizar o papel que estas últimas tiveron na orixe e na formación de moitas das linguas que se falan na actualidade. Para a explicación deste feito, que tradicionalmente foi presentado como un dos principais argumentos para xustificar a importancia do estudo das linguas clásicas, cómpre partir do marco xeográfico en que se desenvolve a civilización grega, marco que resulta determinante na configuración do carácter dialectal da súa lingua. Ademais, estudarase a influencia dos acontecementos históricos na evolución e no desenvolvemento das linguas literarias e na posterior converxencia dos dialectos ata chegar a constituírse a koiné e o actual idioma grego. O alumnado que estuda grego clásico aprende grego moderno con notable facilidade, nomeadamente se se estudou mediante un método natural de aprendizaxe; é dicir, a metodoloxía das linguas modernas aplicada ao estudo das linguas clásicas, que cada vez máis profesorado utiliza nas súas aulas.

Ao estudo dos aspectos netamente lingüísticos dedícanse dous bloques: morfoloxía e sintaxe, dúas realidades inseparables que conforman e integran xuntas o aspecto gramatical. Preténdese iniciar o alumnado no concepto de flexión, facendo especial fincapé na distinción entre o procedemento temático e o atemático, estudando a estrutura interna das palabras e os elementos formais destas que serven para definir a súa relación con outras dentro da oración. A sintaxe, á súa vez, ocúpase de estudar as estruturas oracionais gregas e os elementos que definen as súas construcións máis características, introducindo progresivamente niveis de maior complexidade. O fin último vai ser analizar e comprender os propios textos, aos que se dedica outro dos bloques de contidos, sempre

de dificultade progresiva e adaptados aos contidos que o alumnado manexa en cada momento.

Pero como os textos non están carentes de contido, ou iso é o desexable, preténdese deste xeito facer fincapé na necesidade de estudar desde o primeiro momento a lingua no seu contexto real, como mecanismo de expresión intelectual e estética no que se exemplifican os contidos lingüísticos estudados. A lingua e a cultura constitúen dúas realidades inseparables e complementarias para afondar no coñecemento da civilización grega que, á fin e ao cabo, constitúe a cerna da nosa.

O estudo da cultura grega oríéntase principalmente ao coñecemento das manifestacións literarias, aproveitando os coñecementos da lingua xa adquiridos para introducir o alumnado no estudo da orixe e a evolución dos xéneros, mediante a lectura de fragmentos das obras orixinais, utilizándoas como instrumento para comprender as claves esenciais da sociedade en que viron a luz.

Para rematar, dedícase o bloque VI ao estudo do léxico, entendendo que este resulta imprescindible para avanzar no coñecemento de calquera lingua. Dentro deste ámbito préstase especial atención á etimoloxía, non só porque esta serve para pór de manifesto o mantemento das raíces grecolatinas nas linguas modernas senón, ademais, porque contribúe a que o alumnado adquira unha mellor comprensión da súa propia lingua, axudándolle a precisar o significado de termos coñecidos ou a descubrir outros que non utilizara anteriormente, e incorporándoos así, pouco a pouco, ao seu vocabulario.

O estudo das linguas clásicas, e do grego en particular, constitúe un instrumento fundamental para favorecer o discurso e, por tanto, a estruturación do pensamento do alumnado, o desenvolvemento da lóxica lingüística e a disciplina mental que se manteñen no tempo aínda que se esquezan os contidos concretos.

Por último, cómpre lembrar que nesta nosa sociedade que vive por e para o utilitarismo e o inmediato será imprescindible facer unha reflexión sobre o valor do que é realmente importante para que o noso alumnado adopte unha visión crítica da sociedade que o rodea. Os coñecementos adquiridos nas aulas que nun principio poden parecer carentes de utilidade práctica resultan verdadeiramente importantes cando capacitan a persoa para adoptar criterios que lle permitan discernir entre o xusto e o inxusto, o relevante e o accesorio, entre o καλόν e o κακόν.

Grego II (2º Bacharelato)

Obxectivos

1. Iniciarse na comprensión, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando para este fin o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua grega.
2. Reflexionar sobre o léxico de orixe grega presente na linguaxe cotiá e na terminoloxía científica, identificando étimos, prefixos e sufixos gregos que axuden a unha mellor comprensión das linguas modernas.

3. Ler textos gregos tanto orixinais como adaptados ou traducidos, realizando unha lectura comprensiva e crítica, distinguindo as características principais e o xénero literario a que pertencen.
4. Coñecer, na medida en que sexa posible, as máis importantes manifestacións culturais da Grecia antiga e recoñecer e valorar a súa contribución e continuidade ao longo da historia no mundo actual.
5. Utilizar de maneira crítica fontes de información variadas, obtendo delas datos relevantes para o coñecemento da lingua e a cultura estudadas.

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Comunicación lingüística (CCL).

A comunicación lingüística é a competencia clave que máis presenza terá na materia de Grego, xa que o estudo da lingua, da súa orixe e evolución, do seu funcionamento interno, do seu léxico e dos seus textos ha redundar sen dúbida nun maior coñecemento e dominio das linguas propias. Non obstante, deberase ter en conta tamén o tratamento das outras competencias.

Aprender a aprender (CAA).

O labor de análise morfosintáctica e tradución non só constitúe por si mesmo un importante exercicio intelectual, senón que ao mesmo tempo estimula a memoria, a lóxica de pensamento e os hábitos de disciplina no estudo, mellorando o razoamento e impulsando a competencia clave de aprender a aprender.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía poden traballarse nos temas de cultura e civilización, e nas epígrafes referidas á localización xeográfica e temporal.

Competencia dixital (CD).

A competencia dixital deberá estar presente en todo momento; a procura de información na rede, a súa selección crítica e a súa utilización, entendidas como un proceso guiado polo profesorado, deberán servírnos para programar traballos colaborativos e producir novos materiais, e pólos ao dispor da comunidade educativa.

Competencias sociais e cívicas (CSC).

As competencias sociais e cívicas poden traballarse nomeadamente nos bloques referidos á civilización. A vida no mundo grego, na súa dimensión político-social ou relixiosa préstase sempre á valoración e á comparación co mundo actual, salientando semellanzas e diferenzas, e fomentando un xuízo crítico da realidade. Deste xeito, cobran nova forza conceptos como democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e diversidade.

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresión cultural, ademais de no estudo da literatura grega, está moi presente nos contidos referidos ás artes plásticas, ás festas e os espectáculos, e ás manifestacións relixiosas, entre as que tamén se contan os xogos

deportivos. Coñecer e valorar todas estas manifestacións culturais artísticas, diferenciando xéneros e estilos, recoñecendo canons estéticos e estilos artísticos, lévanos a consideralas como parte do patrimonio dos pobos e a apreciar dun xeito especial aquelas que están dentro do noso contorno, ben sexa nas páxinas dun libro ou ben nun museo ou nun depósito arqueolóxico.

Contidos, estándares de aprendizaxe, criterios de avaliación e competencias clave

Os contidos da materia de Grego II, están divididos en seis bloques:

- Bloque 1. Lingua grega
- Bloque 2. Morfoloxía
- Bloque 3. Sintaxe
- Bloque 4. Literatura
- Bloque 5. Textos
- Bloque 6. Léxico

Na seguinte táboa, quedan desenvolvidos estes bloques:

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Lingua grega			
B1.1. Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné.	B1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa.	GR2B1.1.1. Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	CCL CD CCEC
B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución.	GR2B1.2.1. Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	CCL CAA

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B1.2. Do grego clásico ao grego moderno.	B1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico.	GR2B1.3.1. Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	CCL
Bloque 2. Morfoloxía			
B2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares.	B2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais.	GR2B2.1.1. Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL
B2.2. Revisión da flexión verbal: conxugación atemática. Modos verbais.	B2.2. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais.	GR2B2.2.1. Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	CCL
B2.3. Análise morfolóxica.	B2.3. Coñecer as categorías gramaticais.	GR2B2.2.1. Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	CCL
B2.3. Análise morfolóxica.	B2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras.	GR2B2.4.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	CCL
B2.3. Análise morfolóxica.	B2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego.	GR2B2.5.1. Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.	CCL

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 3. Sintaxe			
B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal.	GR2B3.1.1. Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	CCL
B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal.	B3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais.	GR2B3.2.1. Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	CCL
B3.2. Usos modais.	B3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega.	GR2B3.3.1. Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	CCL
B3.3. Tipos de oracións e construcións sintácticas.	B3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas.	GR2B3.4.1. Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	CCL
B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.	B3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas.	GR2B3.5.1. Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes.	CCL
B3.4. Oración composta. Formas de subordinación.	B3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo.	GR2B3.6.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.	CCL
		GR2B3.6.2. Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	CCL

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B3.5. Análise, tradución e interpretación de textos.	B3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos.	GR2B3.7.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	CCL
		GR2B3.7.2. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	CCL
Bloque 4. Literatura			
B4.1.Xéneros literarios: épica (Homero), drama (traxedia –Sófocles- e comedia -Aristófanes) e lírica (Arquíloco, Anacreonte e Safo).	B4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis representativas, e as súas influencias na literatura posterior.	GR2B4.1.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	CCL CCEC
B4.2. Xéneros literarios: épica (Homero), drama (traxedia –Sófocles- e comedia -Aristófanes) e lírica (Arquíloco, Anacreonte e Safo).	B4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva,distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite	GR2B4.2.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	CMCCT CCEC
		GR2B4.2.2. Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	CCL
B4.3. Xéneros literarios: épica (Homero), drama (traxedia –Sófocles- e comedia -Aristófanes) e lírica (Arquíloco, Anacreonte e Safo).	B4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental.	GR2B4.3.1. Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	CCL CCEC

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.4. Xéneros literarios: épica (Homero), drama (traxedia –Sófocles- e comedia -Aristófanes) e lírica (Arquíloco, Anacreonte e Safo).	B4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior.	GR2B4.4.1. Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	CCEC
B4.5. Xéneros literarios: épica (Homero), drama (traxedia –Sófocles- e comedia -Aristófanes) e lírica (Arquíloco, Anacreonte e Safo).	B4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais.	GR2B4.5.1. Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	CD CCEC
Bloque 5. Textos (Xenofonte e Apolodoro)			
B5.1. Tradución e interpretación de textos gregos de Xenofonte e Apolodoro.	B5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos.	GR2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	CCL
B5.2. Uso do dicionario.	B5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto.	GR2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	CCL CD
B5.3. Comentario e análise filolóxica de textos de grego clásico orixinais, preferiblemente en prosa.	B5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico.	GR2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	CCL CCEC
B5.4. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	B5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.	GR2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	CSC CCEC

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B5.5. Identificación das características formais dos textos.	B5.5. Identificar as características formais dos textos.	GR2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	CCL
Bloque 6. Léxico			
B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	B6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais.	GR2B6.1.1. Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	CCL
B6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común.	B6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado.	GR2B6.2.1. Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	CCL
B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.	GR2B6.3.1. Explica o significado de termos gregos mediante termos equivalentes en galego e en castelán.	CCL
		GR2B6.3.2. Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza.	CCL
B6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria e filosófica.	B6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica.	GR2B6.4.1. Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	CCL
B6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua.	B6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.	GR2B6.5.1. Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	CCL

Grego II. 2º de bacharelato			
Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B6.4. Descomposición de palabras nos seus formantes.	B6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais.	GR2B6.6.1. Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado.	CCL
		GR2B6.6.2. Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	CCL

Temporalización

1ª Avaliación

- Repaso da gramática explicada o curso anterior.
- Análise morfolóxico sintáctico.
- Tradución de textos: Xenofonte.
- Tems de historia e literatura relacionados cos textos.
- Lecturas (Cantos I, VI, XVI e XXII de *A Ilíada*).
- Helenismos.

2ª Avaliación

- Tradución de textos: Xenofonte e Apolodoro.
- Análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Tems de historia e literatura relacionados cos textos e lecturas.
- Lecturas (*Edipo Rei* e *A assemblea das mulleres*).
- Helenismos.

3ª Avaliación

- Tradución de textos: Xenofonte.
- Análise gramatical sobre os textos propostos para tradución.
- Tems de historia e literatura relacionados cos textos.
- Lecturas (Selección de poesía lírica arcaica grega: Safo, Arquíloco e Anacreonte).
- Helenismos.

Grao mínimo de consecución para superar a materia

- Tradución e análise dun texto de Xenofonte.
- Literatura e o seu contexto, lecturas, helenismos.

Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos para acreditar os coñecementos necesarios nos contidos progresivos, serán as probas escritas e as preguntas que diariamente se farán na aula.

Metodoloxía didáctica

A profesora explicará os temas de teoría (gramática, historia e literatura grega) e traducirá cos alumnos diariamente.

Materiais e recursos didácticos

Material básico:

- Caderno do alumno de 1º.
- Dicionario.
- Textos de autores gregos.
- Textos de autores gregos traducidos.

Como material complementario:

- Promoverase a utilización das TIC para informarse, aprender e comunicarse e para utilizar con sentido crítico, como recurso formativo, materiais de procedencia diversa.
- Manuais de literatura, lingua e historia gregas.

Criterios da avaliación

1. Comprender e traducir de forma coherente textos gregos pertencentes a diversos xéneros literarios.

Con este criterio preténdese comprobar a adquisición dunha certa competencia lingüística e o progreso na práctica da tradución. Valorarase a elección correcta das estruturas sintácticas, das formas verbais, das equivalencias léxicas na lingua materna e da orde de palabras no proceso e resultado da tradución, así como o uso adecuado do dicionario.

2. Identificar e analizar en textos orixinais os elementos da morfoloxía e da sintaxe casual e oracional comparándoos con outras linguas coñecidas.

Este criterio trata de comprobar o coñecemento da lingua grega por parte do alumnado. Este ha de manifestar o seu avance neste nivel facendo análises morfosintácticas de textos orixinais de maior complexidade e recoñecendo as variantes e coincidencias respecto a outras linguas por el coñecidas.

3. Recoñecer en textos gregos orixinais termos que son compoñentes e étimos de helenismos e deducir o seu significado, tanto no vocabulario patrimonial das linguas modernas coma nos diversos léxicos científico-técnicos.

Este criterio serve para determinar se se domina o vocabulario básico e se se coñecen os procedementos de derivación e composición dos helenismos nas linguas modernas, así como a correcta transcripción dos termos e as transformacións que experimentan no eido formal e semántico.

4. Realizar comentarios de textos traducidos, analizar as estruturas e os seus trazos literarios e recoñecer o papel da literatura clásica nas literaturas occidentais, identificando elementos de androcentrismo e etnocentrismo neles.

Con este criterio preténdese comprobar a identificación dos elementos esenciais dun texto literario, formais e de contido, e se se recoñecen os diversos xéneros polos seus trazos diferenciadores. O comentario versará sobre textos con sentido completo de diversos xéneros literarios e a súa comparación con textos da literatura posterior en que sobrevivan trazos, temas ou tópicos da literatura grega.

5. Realizar traballos monográficos consultando as fontes directas e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de organización e comunicación dos resultados.

Este criterio trata de constatar a capacidade creativa do alumnado na planificación, busca, recompilación e sistematización da información, así como o grao de corrección na expresión oral ou escrita. Sempre baixo a dirección do profesorado, planificará a actividade, organizará a información, contrastará e intentará formular hipóteses, elaborando o seu traballo mediante o uso das tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta fundamental en todo o proceso e como soporte polivalente para a exposición das súas conclusións.

Criterios de cualificación

As probas basicamente constarán dos seguintes apartados:

- Tradución, morfoloxía e sintaxe dun texto dos autores indicados pola CiUG : 6 puntos.
- Lecturas: 2 puntos.
- Literatura e o seu contexto: 1 punto.
- Helenismos: 1 punto.

Na corrección das traducións terán a mesma consideración os erros tanto de sintaxe e de morfoloxía como de vocabulario en canto anulen ou danen o contido correcto. Na tradución e na resposta ás preguntas valoraranse corrección e soltura sintáctica e léxica, ademais da corrección ortográfica.

Na 1ª avaliación, excepcionalmente, non haberá preguntas del apartado de literatura e o seu contexto. A tradución e análise valerá un 60%, os helenismos un 10%, a *Ilíada* un 20%, e a flexión nominal e pronominal un 10%.

A nota da avaliación ordinaria será a da terceira avaliación. Aqueles alumnos aprobados sen ir á recuperación no mes de maio poderán incrementar a nota final ata 1 punto, se ao facer a media aritmética das tres avaliacións esa media é superior á da terceira avaliación. Se o alumno quere mellorar a súa nota final, terá que realizar o exame de recuperación final de maio. En ningún caso a nota da avaliación ordinaria será inferior á da terceira avaliación.

Criterios de promoción

Os alumnos deben aprobar como mínimo cun cinco a terceira avaliación, xa que se trata dunha materia con avaliación continua. Sen embargo, se os alumnos obtén un catro na última avaliación, pero ten unha media de seis nas dúas anteriores, tamén se lle concederá o aprobado.

Actividades de recuperación

No presente curso, os alumnos matriculados son xa coñecidos pola profesora do primeiro curso, polo que non é previsible que vaia haber necesidade de recuperación extra. Con todo no período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata as datas de celebración das probas extraordinarias, a profesora impartirá clases para preparar ao alumnado para a realización da ABAU e/o das probas extraordinarias.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

No presente curso non hai ningún alumno con esta materia pendente.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

Non hai prevista no centro unha sesión de avaliación inicial para segundo de bacharelato. Con todo, atenderase aos alumnos que o precisen nos recreos.

Elementos transversais

Prestarase especial atención aos temas relativos á Grecia Antiga que tamén formen parte de outras materias: Latín, Filosofía, Historia e Historia del Arte fundamentalmente.

Medidas de atención á diversidade

No presente curso, os alumnos matriculados son xa coñecidos pola profesora do primeiro curso, polo que non é previsible que sexan necesarias medidas de atención á diversidade.

Actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar

Non hai previstas actividades complementarias e extraescolares.

Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente e medidas de atención á diversidade

Principios: Normalización, inclusión, equidade, igualdade de oportunidades, non discriminación, flexibilidade, accesibilidade, interculturalidade, promoción da convivencia e participación.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

1. SOBRE A PROGRAMACIÓN

- | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <ul style="list-style-type: none">• Desenvolvéronse os contidos previstos na programación?• De non ser así, indicar os cambios.• Xustificación deses cambios.• Dificultades detectadas (valoración da adecuación da programación ao alumnado).• Diferenzas entre os diferentes grupos do mesmo nivel e posibles causas. |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

2. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS

Riscar con X cando proceda:

ACCIONES PREVENTIVAS E DE DETECCIÓN Art. 6 Decreto 229/2011	COLABORACIÓN-COORDINACIÓN CON OUTROS PROFESIONAIS (Titoría, orientación, outros)	X
	Comunicación ás familias (atención familias, outras comunicacións)	X
	Formación e innovación en at. diversidade do profesorado	
	Axeitada e equilibrada escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.	
	Medidas de tipo curricular que promoven a convivencia-non discriminación-respecto polas diferenzas	X
	Recursos humanos e materiais suficientes para educación equitativa e de calidade	X
MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Art.8 Decreto 229/2011 (Sen alteracións de obxectivos, contidos e criterios de avaliación)	Accesibilidade de espazos, mobiliario e equipamento	X
	Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado	X
	Adecuación da programación ao contorno e ao alumnado	X
	Uso de metodoloxías que promoven a inclusión (Traballo cooperativo, aprendizaxe por proxectos).	X
	Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación	X
	Desdobramento de grupos	
	Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento	
	Programas de enriquecemento curricular (Alumnado de Altas Capacidades.)	
	Programas de reforzo nas áreas lingüísticas (exención francés)	
	Programas de recuperación de materias pendentes	
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS Art.9 Decreto 229/2011 (N.E.A.E. con modificacións significativas do currículo ordinario)	Materias optativas	
	Apoio de profesora especialista en p.t. na área do departamento	
	Adaptacións curriculares	Nº 0
	Participación P.M.A.R.	X
	Participación F.P. básica	
	Flexibilización da escolarización (Alumnado de Altas Capacidades).	
	Agrupamentos flexibles	
OUTRAS ACCIÓNS E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO.		

3. ANÁLISE E VALORACIÓN DOS DESDOBRES, PRÁCTICAS DE LABORATORIO, ETC

4. ATENCIÓN Á ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

6. PROPOSTAS DE MELLORA

Ensino non presencial: metodoloxía didáctica e procedementos e instrumentos de avaliación

Os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e no presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

A profesora enviaralles por correo electrónico (clasicasbaiona@gmail.com) cada luns as tarefas que os alumnos lle deberán devolver feitas o sábado seguinte.

As semanas nas que se amplíe materia a profesora enviaralles ós alumnos os apuntamentos de dicha materia. No caso dos temas de historia, os alumnos deberán atopar información pola súa conta.

A profesora avisará o antes posible ós alumnos, cando considere que algunha das tarefas que enviaron non está feita como corresponde.

Ademais a profesora dará clase ou corraxirá as tarefas por videochamada a través da plataforma *Webex* ou de outra semellante.

Para a súa avaliación e cualificación, os alumnos presentarán en prazo as tarefas que se lles encomenden e, se for posible, realizarase unha proba virtual a través de *Webex*. Se isto non for posible, só se valorarán as tarefas remitidas ben e en prazo.

Procedementos para avaliar a programación

Farase ao longo do curso escolar, á vista dos resultados obtidos nas avaliacións e dos comentarios dos alumnos, de tal xeito que se poidan modificar certos aspectos para axustarse á realidade e non quedarse na teoría.